

**A SOCIEDADE IBÉRICA DE MICOLOXÍA CONCEDE UN
PROXECTO PARA CONTINUAR A INVESTIGACIÓN
MICOLOXICA NA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

Adrián Melón Raña¹, Tixiana Albizúa Cabaleiro², Marisa Castro¹, Mauro Rivas-Ferreiro^{3,4}

Comprácenos anunciar que o proxecto titulado “Diversidad del género *Laccaria* en el noroeste de la Península Ibérica” (PSIM03) foi seleccionado pola I Convocatoria de Proxectos da Sociedade Ibérica de Micología, resolta en febreiro de 2023.

Este proxecto, que se levará a cabo nas instalacións da Universidade de Vigo, implica unha financiación de 905,28€ para realizar análises morfolóxicas e extraccións de ADN e secuenciación de varias rexións xenómicas de coleccións de *Laccaria* do noroeste peninsular, así como o apoio da Sociedade Ibérica de Micología á hora de contactar con coleccións privadas para obter mostras. A finalidade deste proxecto é catalogar a diversidade do xénero *Laccaria* no noroeste peninsular mediante a análise morfolóxica e molecular de coleccións deste xénero.

Os participantes do proxecto e coautores deste manuscrito invitan a todas aquelas persoas que queiran enviar mostras para a súa inclusión neste proxecto, a contactar con Adrián Melón Raña para a súa avaliación e, de ser o caso, para o seu envío.

¹MycoGalicia Plantae S.L., Vigo, Spain

²Facultade de Bioloxía, Universidade de Vigo, 36310, Vigo, Spain

³Centro de Investigación Mariña (CIM), Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, Facultade de Bioloxía, Universidade de Vigo, 36310, Vigo, Spain

⁴Jodrell Laboratory, Royal Botanic Gardens, Kew, Richmond TW9 3DS, Surrey, UK